



AVISO IMPORTANTE PAGO DE TRIBUTOS A TRAVÉS DA PASARELA DE PAGO

APLICACIÓN DA NORMATIVA DE PAGO SEGURO: SISTEMA DE AUTENTICACIÓN REFORZADA

O Concello de Narón, en colaboración con Abanca, habilitou a posibilidade de que a cidadanía faga efectivo o pago de tributos a través de internet, dende o seu domicilio co seu ordenador ou dispositivo dixital.

O servizo é gratuíto, polo que o Concello de Narón non emitirá comisión algunha. Neste senso, o Concello de Narón, non se fará responsable das comisións que a entidade emisora da tarxeta utilizada puidera cobrar ao/á titular, conforme á súa relación contractual particular.

Dende este mes de xaneiro, Abanca reforzou as medidas de seguridade nos pagos dos tributos que se están realizando a través da pasarela, e todo isto en cumprimento da directiva comunitaria PSD2. Por iso, estase aplicando un **SISTEMA DE AUTENTICACIÓN REFORZADA OU DOBRE AUTENTICACIÓN.**



Isto implica que para realizar o **PAGO DOS TRIBUTOS MUNICIPAIS** a través da pasarela, o/a contribuínte non só deberá de dispoñer dunha tarxeta de crédito/débito (VISA, VISA ELECTRÓN, etc.) senón que ademais deberá **AUTORIZAR A OPERACIÓN** a través dos métodos de autenticación establecidos pola entidade bancaria emisora da tarxeta.

Para solventar posibles dúbidas da aplicación deste sistema de dobre autenticación no pago **os/as contribuíntes deberán poñerse en contacto coa entidade financeira emisora da tarxeta.**

Todos os pagos que se realicen con tarxetas na pasarela de pago realízanse baixo un entorno seguro.